

DATOS INSCRICIÓN ACTIVIDADES

NOME E APELIDOS NAI / TITORA

NOME E APELIDOS PAI / TITOR

NOME E APELIDOS NENO/A

CURSO

ENDEREZO ELECTRÓNICO

TELÉFONO

SI NON

SOCIO/A

CONTACTO

Enderezo

Praza de Galicia s/n
15230 Serra de Outes
Outes - A Coruña

Sitio web



Teléfono

686772639

Facebook


@anpariotinesoutes

E-mail

anpa.riotines@gmail.com

Instagram

@anpa_riotines



• ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES •

• 2021/2022 •

ANPA

RÍO

TINES

• CEIP Plurilingüe de Outes •

O importante non é ser iguais, é formar
un bo equipo!!

SOBRE A ANPA

QUE É?

E unha asociación de nais / pais / responsables legais de alumnos dun centro educativo que está constituída e rexistrada como tal e non ten fins lucrativos. Nacen co fin de contribuir, xunto co resto da Comunidade Educativa, a que o alumnado reciba unha educación de calidade, integral e inclusiva.

Como colectivo as nosas peticións e iniciativas son tidas en conta con máis agrado, permítenos ter voz e voto no Consello Escolar e, ademais, organizamos actividades extraescolares, cursos, talleres...

COMO ASOCIARTE

Podes asociarte durante todo o curso escolar pero se queres que os teus fillos/as participen nalgunha das actividades que organizamos debes ser socia antes do comezo da actividade para beneficiarte do desconto.

O custo son 15 € anuais por familia en pago único.

A cota de socia aboarase por transferencia bancaria na conta ES62 2100 4780 7302 0002 9874, no concepto debe figurar o nome do/a/s cativo/a/s. Tras realizar o aboamento remitirase a asociación un correo electrónico cos datos de contacto e copia do xustificante de pago.

Unha vez recibido o correo electrónico remitiráselle a ficha de socia a cumprimentar cos datos da familia, esta será devolta ben por correo electrónico ou ben a través do buzón da asociación.

BENEFICIOS

As familias socias non pagan a matrícula de inscrición na actividade, que sería de 40€ na primeira e de 20€ nas sucesivas.

Este ano poñemos en marcha o carnet de socia/o que ofrece descontos en comercios da contorna. O primeiro centro asociado é o Centro Deportivo Ludus, que oferta a actividade de Taekwondo nas súas instalacións.

A TER EN CONTA

- O prazo máximo para a inscrición nas actividades será o 22 de setembro.
- Aquelas actividades que non alcancen un mínimo de inscritos non se levarán a cabo.
- Desenvolveranse de outubro a maio.
- As extraescolares levaranse a cabo de luns a venres nas instalacións do CEIP P. de Outes.
- Os horarios estableceranse na última semana de setembro.
- O pago realizarase de forma anticipada e trimestralmente mediante transferencia bancaria.
- Os prezos variarán en función do número de inscritos e comunicarse a través das redes sociais e do espazo web da anpa.
- No caso de que o número de prazas solicitadas sexa superior ás ofertadas terase en conta a orde de inscrición.
- No caso de non querer cubrir a enquisa telemática pódese imprimir este tríptico e remitir cuberto ao correo electrónico da anpa.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Primaria

- Batucada
- Circo
- Emociónate
- English
- Entrecordas
- Mans creativas
- Mecnografía
- Patinaxe
- Taekwondo
- Teatro
- Xadrez
- Zumba

Infantil

- Batucada
- Circo
- Emociónate
- English
- Mans miúdas
- Patinaxe
- Psicomotricidade
- Taekwondo
- Zumba

*Marcar só as actividades ás que queremos inscribir ao neno/a

• ASÓCIATE •

CONTAMOS CON VÓS,
CONTADE CON NÓS